

TIPOS DE TEXTOS I

TIPOS DE TEXTO	FINALIDADE DO TEXTO	LINGUA	ESTRUTURA	SUBTIPOS DE TEXTO
Expositivos	Explican e desenvolven un tema para ampliar os coñecementos do receptor.	-Vocabulario preciso. -Tecnicismos.	-Introdución. -Desenvolvemento. -Conclusión.	- <u>Divulgativos</u> : os receptores non precisan coñecementos previos sobre o tema. Ex.: libros de texto. - <u>Especializados</u> : requírese un nivel de coñecemento previo elevado. Ex.: textos sobre medicina, dereito...
Instrutivos	Diríxenlle unha acción ao receptor.	-Vocabulario preciso e conciso. -Emprego de verbos en imperativo (<i>coloca, insire...</i>). -Uso de perífrases de obriga (ter + que + infinitivo; hai + que + infinitivo; deber + infinitivo).	-Título. -Materiais ou ingredientes que se van usar na acción que se vai desenvolver. -Procedemento ou preparación do que se vai realizar. Esta información organízase en pasos.	- <u>Manuais</u> de aparellos electrónicos, por exemplo. - <u>Prospectos farmacéuticos</u> . - <u>Recetas</u> de cociña. - <u>Normas e regulamentos</u> .

Ámbito de Comunicación
Lingua galega e Literatura
ESA (Educación Secundaria para Adultos)

Xornalísticos	Informan: <u>textos informativos</u> .	Obxectividade, claridade e concisión.	-Titular. -Entrada: nela concéntranse os aspectos básicos do texto. -Corpo textual: recolle a información.	- <u>Noticia</u> (responde ás seguintes preguntas: quen?, que?, onde?, cando?, como? E por que?). - <u>Reportaxe</u> (máis extenso ca a noticia, require dun importante labor documental).
	Dan unha opinión: <u>textos de opinión</u> .	-Emprego de formas verbais como <i>querer, deber, ser preciso, ser necesario, ser conveniente...</i> -Conectores textuais con valor argumentativo: <i>pero, non obstante, en cambio....</i>	- Tese: idea que se defende. - Corpo argumentativo: razóns que se achegan para defender a tese. - Conclusión: reafirmación da tese.	- <u>Artigo de opinión</u> (representa a opinión dalgún ou dalgunha xornalista ou profesional doutro medio sobre un tema de actualidade). - <u>Editorial</u> (representa a opinión do medio de comunicación que corresponda sobre un tema de actualidade).
	Mesturan a información coa opinión: <u>textos mixtos</u> .	Reúnen características lingüísticas dos outros dous.	Dependerá do subtipo de texto mixto que sexa.	- <u>Entrevista</u> : estrutúrase en <u>introdución</u> (preséntase o personaxe), <u>corpo</u> (preguntas e respostas), <u>peche</u> (sintetiza e recolle os datos relevantes). <ul style="list-style-type: none"> • <u>De declaracións</u>: busca a opinión do ou da entrevistada. • <u>De personalidade</u>: afonda na dimensión humana do personaxe. - <u>Crónica</u> : noticia ampliada e comentada con interpretación do ou da xornalista. Primeiro este ou esta conta os feitos e logo analízaos.